Padrón

Exmo. Concello de Padrón
Rúa Longa 27
15900 - Padrón (A Coruña)
www.concellodepadron.es
Tfno: 981810451
Fax: 981811550

ANUNCIO: NOMEAMENTO DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A PROVISIÓN DE 5 POSTOS DE TRABALLO DE PROFESORES DE MÚSICA DA ESCOLA DE MÚSICA DO CONCELLO DE PADRÓN.

En cumprimento do establecido na base 14 das que rexeron o procedemento de selección número 07/2010-SPLT convocado por Resolución do Alcalde do 22 de setembro de 2010, para a provisión de 6 postos de traballo de profesores de música da Escola de Música do Concello de Padrón, en réxime de dereito laboral temporal, mediante o sistema de concurso-oposición, faise público que por Resolución do Alcalde do 14 de outubro de 2010 adoptouse o seguinte acordo:

Primeiro. Nomear persoal laboral temporal do Concello de Padrón como profesores de música da Escola Municipal, aos seguintes, por ter obtido a maior puntuación nas probas convocadas por Resolución desta Alcaldía de data 22 de setembro de 2010:

1. Música e movemento: D. Javier Vidal Coira, con DNI número 35464263B.
2. Percusión: D. Raúl Martín Niñerola, con DNI número 73574870D.
3. Saxofón: D. Oscar Fernñández Guzmán, con DNI número 76926733J.
4. Metal Grave: D. Gustavo Tarrio Segade, con DNI número 76968623C.
5. Trompeta: D. Manuel Otero Payno, con DNI número 35472323K.

Segundo. Facer público o presente nomeamento mediante anuncio que se inserirá no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello de Padrón e na páxina web do mesmo e formalizar cos interesados, no prazo máximo de 2 días hábiles, contados desde a última publicación, o correspondente contrato laboral temporal para o curso escolar 2010-2011.

Terceiro. A presente resolución pon fin a vía administrativa e contra a mesma poderase interpor, potestivamente, recurso de reposición ante o Alcalde, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da publicación do anuncio no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello e na páxina web, ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, sen prexuízo de que se poida interpoñer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Caurto. Dar traslado da mesma aos servizos de Intervención e Tesourería e ao Comité de Empresa do Concello de Padrón e dar conta ao Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Padrón, 14 de outubro de 2010.

O Alcalde,

Asdo. Camilo Forján Seoane.